

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE INFORMACIÓN E DINAMIZACIÓN DOS CENTROS DE DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL SITOS NA ZONA RURAL, ESPAZOS PROPIEDADE DO CONCELLO DE LUGO E DIRIXIDOS ÁS VECIÑAS E VECIÑOS DAS ZONAS RURAIS DO CONCELLO DE LUGO. LECTURA DE INFORME SOBRE OFERTA ANORMAL OU DESPROPORCIONADA E REALIZACIÓN DE PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.

Sendo as 13:30 horas do día 18 de novembro de 2015, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por dona Ana Tabarés Martínez, técnico de administración xeral do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento e actuando como vocais dona María Jesús López Vázquez, xefa do Servizo de Servizos Sociais, don Marcial Rodríguez Toajas Interventor Xeral, don Pablo López Paz, titular da Asesoría Xurídica do Concello e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, técnico de administración xeral do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento do Concello.

Tamén asisten ao acto público de lectura de informe e realización de proposta de adxudicación don Diego Villalba e don Manuel Lorenzo, en representación de SERVIPLUS TOTAL S.L.U.

Abre a sesión o Sr. Presidente e procédese por parte do secretario da mesa a dar lectura ao informe técnico emitido pola técnico do servizo de intervención e no que se conclúe que *"a baixa económica realizada pola empresa supón un esforzo para a mesma difícil de executar pola cantidade económica establecida, non cumprindo ás condicións requiridas no prego no obxecto do contrato nin o convenio salarial que establece para os traballadores"*.

Unha vez rematada a lectura, Don Diego Villalba solicita algunha aclaración sobre o informe ao que se deu lectura, concretamente sobre os aspectos que a xuízo da técnico que asina o informe, fan que a oferta non sexa viable. Por parte do secretario da mesa e da xefa do servizo de Servizos Sociais autora do primeiro informe de valoración da xustificación da oferta ampliáanse as explicacións e dáselles neste momento copia dos informes emitidos.

Á vista dos informes, os integrantes da mesa acordan por unanimidade a exclusión do procedemento da oferta presentada por SERVIPLUS TOTAL S.L por entender que ésta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores desproporcionados (artigo 152.4 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público) e a realización da seguinte proposta de adxudicación ás seguintes empresas segundo a orde na que quedaran clasificadas:

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/mla

Refº: Acta proposta adxudicación centros dinamización rural 18-11-2015

Asunto:

Lote 1 San Xoán do Campo (parroquia de San Xoan do Campo): PROYECTOS Y SINERGIAS EMPRESARIALES S.L

Lote 2 Calde (parroquia de San Pedro de Calde): A BILLARDA S.L

Lote 3 Coeses (parroquia de Coeses María Magdalena): PROYECTOS Y SINERGIAS EMPRESARIALES S.L


Lote 4 Santiago de Saá (Parroquia de Saa): PROYECTOS Y SINERGIAS EMPRESARIALES S.L.


Lote 5 Santa María de Bóveda (parroquia de Santa Maria de Bóveda): A BILLARDA S.L


Lote 6 Santa Comba (parroquia de Santa Comba S.Padro) : PROYECTOS Y SINERGIAS EMPRESARIALES S.L

Lote 7 Rubiás (parroquia de Rubiás San Xulián): PROYECTOS Y SINERGIAS EMPRESARIALES S.L.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14:15 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

Asdo: Ana Tebarés Martínez



O SECRETARIO

Asdo: Manuel Louzao Aldariz